

DECRETO

Examinado o informe-proposta do xerente do 02/07/2025 que literalmente transcrito di:

“

Informe-proposta para a adxudicación de subvención nominativa

Antecedentes

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas do orzamento xeral da Mancomunidad do ano 2025 figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicatario: Asociación Ferrolana Drogodependencias (ASFEDRO)

NIF: G15072010

Importe: 15.000,00 €

Obxecto da subvención: ‘CONVENIO PARA A XESTIÓN DA REINSERCIÓN DE RECLUSOS DROGODEPENDENTES’

Segundo.- Achégase proxecto de convenio informado favorablemente pola Secretaría o 01/07/2025.

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP n.º 200, 21 de outubro de 2019).
- Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

Consideracións:

O acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

A entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningunha subvención, nin se ditou contra esta entidade resolución declarativa da procedencia do reintegro de ningunha subvención ou perda de dereito ao cobramento dela por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións; e non foi acordada polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención de libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos a esta subvención.

Visto canto antecede, e ao abeiro do artigo 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, **PROPONSE** a aprobación do seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Mancomunidad de concellos da comarca de Ferrol e Asociación Ferrolana Drogodependencias (ASFEDRO) para o desenvolvemento dun programa de ‘XESTIÓN DA REINSERCIÓN DE RECLUSOS



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol

DROGODEPENDENTES' por importe de **15.000,00 €**.

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa ao beneficiario que se indica co seguinte detalle:

- **Beneficiario:** Asociación Ferrolana Drogodependencias (ASFEDRO)
- **Obxecto da subvención:** PROGRAMA DE XESTIÓN DA REINSECCIÓN DE RECLUSOS DROGODEPENDENTES
- **Importe:** 15.000,00 €
- **Partida:** 0001.231.48000

TERCEIRO.- Subministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Notificar a Asociación Ferrolana Drogodependencias (ASFEDRO) a presente resolución, comunicándolle que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o **31/12/2025**.

”

Decreto.- Logo de ver a anterior proposta, e vistos os informes favorables da Secretaría (01/07/2025) e da Intervención (03/07/2025), **APRÓBOA** nos seus termos.

Ferrol, na data da sinatura electrónica,

O presidente da Mancomunidad,
José Manuel Rey Varela

Dou fe, o secretario da Mancomunidad,
Jorge Eduardo Rodríguez Fernández